

AULAS ABERTAS

Actividades de práctica musical en grupo, abertas a todos os interesados, coa duración dun curso escolar e destinadas exclusivamente á interpretación da música en colectividade sen intención escénica. Cada unha delas presenta diferentes requisitos e admiten aos participantes que o soliciten en función do espazo dispoñible, independentemente de que estean matriculados ou non nalgún ciclo formativo da ETRAD.

Temporalización: 2 horas/semana de Outubro a Xuño, **EXCEPTO** Aula Aberta de Requinta e Corda Pulsada que serán de 1 hora/semana.

Nome	Descrición	Admisión máxima	Requisitos	Horario	Aula
Aula Aberta de Zanfona	Grupo de zanfonas	30 zanfonas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos.	Martes 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 4 Auditorio
Banda de Gaitas e Percusión	Grupo de gaitas e percusións	30 gaitas, 10 tambores, 2 bombos, 10 pandeiretas	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos.	Venres 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 4 Auditorio
Coro	Agrupación de voces	30 voces mixtas	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos.	Xoves 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 7
Agrupación Corda Frotada	Agrupación de instrumentos de corda frotada: violíns, viola, cello e contrabaixo	12 violíns, 6 violas, 3 cellos, 1 contrabaixo	Dominio elemental da técnica en primeira posición e arco. Ser maior de 9 anos. Presencial / en liña.	Mércores 20:00 a 22:00 hrs.	Aula 8
Aula Aberta Grupo de Pandereteiras	Agrupación de voces	15 voces	Coñecemento demostrable da técnica de canto tradicional con percusión Ser maior de 9 anos.	Xoves 18:00 a 20:00 hrs.	Aula 5
Cantares de Troula e Compañía	Grupo de voces	25 voces	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos	Martes 19:00 a 21:00 hrs.	Aula 5
Aula Aberta de Requinta e Corda Pulsada	Grupo de requintas e instrumentos de corda pulsada.	5 requintas, 5 corda pulsada.	Aportar instrumento propio. Coñecemento demostrable da técnica do instrumento da praza a ocupar. Ser maior de 9 anos.	Mércores 18:00 a 19:00 hrs.	Aula 6A

